



# XAN GARCÍA MOURE

**MÉDICO DE EMERXENCIAS**

*“A experiencia deste traballo é transformadora. O contacto coa vida e coa morte é continuo”.*

Meu pai era Pepe de Bernaldo, miña nai Felisa de Mouro, os dous labradores nados en Quintáns, parroquia da Ameixenda (Ames). Eu nacín en Champagnole, unha vila preto dos Alpes onde, froito da emigración, residían naquel momento meus pais. Cando tiña tres meses toda a familia regresou a Santiago, cousa que non foi doada polos atrancos económicos que tivemos que pasar durante a miña infancia e adolescencia.

Desde pequeno teño unha pulsión interna para ser médico, con nove anos facía contas para ver cantos anos me levaría. Para conseguir o meu obxectivo enfronteime a unha carreira de obstáculos, por exemplo na universidade, onde tiven unha crise de vocación profunda e, de ser un alumno con moi boas notas, pasei a ter os primeiros suspensos. Había falta de confianza por parte de meus pais, perigo de perder a bolsa de estudos, dúbidas de se a profesión era para min, etc. Cando fixen o MIR as miñas especialidades foron Familia, Traumatoloxía e Pediatría, decantándome finalmente por Familia. Agradábame a idea de atender persoas nun entorno rural, ir ás súas casas e coñecer á xente no seu propio espazo. Ao rematar a formación da especialidade, as miñas preferencias xa mudaran e apetecía-me atender urxencias dentro do hospital. A adrenalina gustábame cada vez máis, a pesares do medo que me producía. Nese momento a opción laboral que se me presentou foi nas emerxencias extra-hospitalarias do 061, e lanceime.

O primeiro día de traballo vinme subido a un helicóptero para atender un home que caera dun andamio nunha aldea de Ourense. Ao longo dun par de anos tiven tensións horribles e moito medo antes, e durante estas gardas, a verdade. Para superalo obrigueime a estudar, practicar e facer cursos que me axudaran a enfrontarme con máis seguridade a estas situacións e, co paso dos anos, a paixón foi a máis e comecei a ser docente. A experiencia vital deste traballo é transformadora, o contacto coa vida e a morte é continuo.

Inicialmente a miña base medicalizada estaba en Piñor, á beira da cidade de Ourense, atendiamos a zona montañosa de Lugo e Ourense, os primeiros voos foron abraiante, Galiza a vista de paxaro é o lugar máis fermoso do mundo. En cada saída descubría lugares incríveis da nosa xeografía, ao tempo, pasaba medo porque había misións que por meteoroloxía ou orografía eran difíciles. Sendo picheleiro sempre tiven certo pique coa Coruña, axudoume a desfrutar da cidade unha relación de catro anos que tiven cunha moza coruñesa estando na universidade. Despois dunha viaxe polo mundo adiante que se prolongou oito meses, traballei dous anos nas emerxencias medicalizadas da cidade herculina, regresei en 2018 e 2022. Agora novamente estou na Coruña, de feito, é probable que sexa o meu destino definitivo, porque aquí me sinto a gusto e plenamente integrado.

Ao longo destes anos foron moitas as experiencias que me impactaron no exercicio da profesión, pero a que marcou a miña experiencia profesional foi un servizo nas Neves (ao sur da provincia de Pontevedra) cando levaba 4 ou 5 anos traballando no 061. A sensación de control nos primeiros anos de traballo recibe o nome do efecto Dunning Krugger (sobreestimamos os coñecementos e capacidades que temos) e iso foi o que aconteceu naquel aviso de “accidente de moto con 2 adolescentes en colisión cun coche”, desafortunadamente naquela ocasión faleceron os dous mozos. Este episodio provocou en min unha crise moi grande e, tras meses de reflexión e culpabilidade, decateime da profunda responsabilidade desta apaixonante profesión e tomei o acontecido para retomar con máis forza e motivación o día a día como médico de urxencias.

No ámbito social estiven durante moito tempo ligado coma voluntario a MSF (Médicos Sen Fronteiras) e no cultural teño profunda debilidade por todo o que teña que ver coa cultura do país. Lingua e música son para min expresións da nosa identidade que amosan un xeito de ver o mundo e de relacionarnos con el. Ao remate da carreira lembro traballar nunha clínica privada da Coruña e asistir á sorpresa do meu xefe (que falaba un galego fermosísimo da montaña de Pontevedra) reaccionar con estrañeza porque un médico empregara o galego na súa profesión. Na miña

familia o galego foi a nosa primeira lingua, sen embargo, miña tía e miña madriña dirixíanse a min en castelán, mentres elas falaban galego. Lembro con cinco anos pensar que aquilo era un agravio enorme, acaso non querían que formara parte da súa tribo? Iso segue a facerse hoxe en moitas familias galegas e sinto moita tristura pola perda dunha lingua e dun saber que nos é propio.

A música é unha constante na miña vida, comecei a tocar a gaita con 11 anos e xa nunca me separei dela, tampouco o fixen da miña frauta traveseira. Facer música, tocar calquera instrumento é un xeito universal de comunicar os máis profundos sentimentos e emocións, por iso para min, que sempre fun moi tímido, a música axudoume a relacionarme co mundo, púxome en contacto coa miña alma (durante moito tempo agochada ou desaparecida) e liberouna do medo a ser vista e descuberta polos que me rodeaban. Coa música puiden ensinarme sen vergoña, con 15 anos entro a formar parte dunha agrupación de música e baile tradicional galego e, aos 17, formo a miña banda de folk, coa que actualmente sigo tocando e coa que viaxei por medio mundo: Os Ánxeles, Bos Aires, Taiwan, Europa...